

**ACTA NÚMERO: 47/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 2 de decembro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 24 de novembro de 2022 (Reunión 46/2022).
2. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe"
3. Apertura electrónica do sobre "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).
4. Apertura electrónica do sobre "B" correspondentes á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de packaging sustentable proxectos "Da Tua man" e "Commerce Inside", NEXTGENERATION EU. (Expte.- 2022062046).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de packaging sustentable proxectos "Da Tua man" e "Commerce Inside", NEXTGENERATION EU. (Expte.- 2022062046).

**Fora da orde do día:**

Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 24 de novembro de 2022 (Reunión 46/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 24 de novembro de 2022 (Reunión 46/2022).

**2. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe". (Expte.- 2022055654).**

Por Resolución Presidencial número 2022007857 de data 07/11/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe" cun orzamento base de licitación de 89.713,88 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de novembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 02/12/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.



- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	69.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	72.215,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	73.031,55 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	69.672,83 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	72.453,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	74.143,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	71.526,43 €	3%	36 MESES	SI	NO
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	69.131,37 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., e CONSTRUCCIONES VALE, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario da Mesa para que proceda a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato



**3. Apertura electrónica do sobre "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 28 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da "Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade". O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 28 de outubro de 2022, aparecendo publicado o día 2 de novembro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 211-606428), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de novembro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479), ós lotes 1, 2 e 4.
- CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605), ós lotes 1, 2 e 4.
- BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589), ó lote 3.
- BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), ós lotes 2 e 4.
- CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023), ós lotes 1, 2 e 4.



**4. Apertura electrónica do sobre "B" correspondentes á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).**

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2022 efectuou a apertura do sobre "A", do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade", sendo as empresas admitidas nos diferentes lotes as seguintes:

Lote 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)</li> <li>- CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)</li> <li>- CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)</li> </ul>
Lote 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)</li> <li>- CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)</li> <li>- BIOSER, S.A. (NIF: A08964884)</li> <li>- CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)</li> </ul>
Lote 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>- BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)</li> </ul>
Lote 4	<ul style="list-style-type: none"> <li>- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)</li> <li>- CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)</li> <li>- BIOSER, S.A. (NIF: A08964884)</li> <li>- CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)</li> </ul>

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación do sobre "B" correspondente aos criterios avaliables automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

**COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)**

	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	90.451,37 €	58.864,23 €	17.252,53 €
IVE (21 %):	18.994,79 €	12.361,49 €	3.623,03 €
Importe total ofertado:	109.446,16 €	71.225,72 €	20.875,56 €

**CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)**



	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	104.156,06 €	76.801,99 €	18.428,87 €
IVE (21 %):	21.872,77 €	16.128,42 €	3.870,06 €
Importe total ofertado:	126.028,83 €	92.930,41 €	22.298,93 €

**BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)**

	<b>LOTE 3</b>
Importe sen o IVE:	90.957,60 €
IVE (21 %):	19.101,10 €
Importe total ofertado:	110.058,70 €

**BIOSER, S.A. (NIF: A08964884)**

	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	25.252,76 €	8.885,91 €
IVE (21 %):	5.303,08 €	1.866,04 €
Importe total ofertado:	30.555,84 €	10.751,95 €

**CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)**

	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	109.015,52 €	73.274,80 €	16.102,80 €
IVE (21 %):	22.893,26 €	15.387,71 €	3.381,59 €
Importe total ofertado:	131.908,78 €	88.662,51 €	19.484,39 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.



**5. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de packaging sustentable proxectos “Da Tua man” e “Commerce Inside”, NEXTGENERATION EU. (Expte.- 2022062046).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 4 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, da subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9/11/2022, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación do sobre “A”, correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:





MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L. (B-82265190)

IBERISAC BOLSAS PARA COMUNICAR S.L. (B-27858224)

PRODUCCIONES MIC S.L. (B-24301871)

**6. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de packaging sustentable proxectos “Da Tua man” e “Commerce Inside”, NEXTGENERATION EU. (Expte.- 2022062046).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 4 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, da Subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9/11/2022, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L. (B-82265190)

IBERISAC BOLSAS PARA COMUNICAR S.L. (B-27858224)

PRODUCCIONES MIC S.L. (B-24301871)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións,





mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

O valores ofertados foron os seguintes:

**MASTER TOUCH PUBLICIDAD S.L. (B-82265190)**

**1. Prezo ofertado para 200.000 bolsas:**

	Prezo total 200.000 bolsas
Total sen IVE	348.000,00€
21% de IVE	73.206,00€
Total IVE engadido	421.806,00€

Nota: O prezo ofertado sen IVE non pode superar o prezo de licitación sen IVE (360.000,00€).

**2. Incremento de cantidades a subministrar no formato bolsas Rpett: total 195.000 unidades (aumento de 135.000 uds + 60.000 uds)**

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.000 por proxecto).

**3. Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas Pla 100% compostable. Total 165.000 unidades (aumento de 105.000 uds + 60.000 uds)**

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.000 por proxecto).

**4. Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas reciclable e reutilizable: 125.000 unidades (aumento de 45.000 uds + 80.000 uds)**

Nota: O mínimo esixido é de 80.000 unidades (40.000 por proxecto).

**IBERISAC BOSAS PARA COMUNICAR S.L. (B.27858224)**

**1- Prezo ofertado para 200.000 bolsas:**

	Prezo total 200.000 bolsas
Total sen IVE	297.800, 00€
21% de IVE	62.538,00€
Total IVE engadido	360.338,00€



Nota: O prezo ofertado sen IVE non pode superar o prezo de licitación sen IVE (360.000,00€).

- 2- Incremento de cantidades a subministrar no formato bolsas Rpet 10.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.000 por proxecto).

- 3- Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas Pla 100% compostable 140.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.0000 por proxecto).

- 4- Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas reciclable e reutilizable:.....10.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 80.000 unidades (40.0000 por proxecto).

PRODUCCIONES MIC S.L.

- 1- Prezo ofertado para 200.000 bolsas:

	Prezo total 200.000 bolsas
Total sen IVE	295.000, 00€
21% de IVE	61.950,00€
Total IVE engadido	356.950,00€

Nota: O prezo ofertado sen IVE non pode superar o prezo de licitación sen IVE (360.000,00€).

- 2- Incremento de cantidades a subministrar no formato bolsas Rpet 6.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.000 por proxecto).

- 3- Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas Pla 100% compostable 6.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 60.000 unidades (30.0000 por proxecto).

- 4- Incremento de cantidades a subministrar no formato de bolsas reciclable e reutilizable: 6.000 unidades

Nota: O mínimo esixido é de 80.000 unidades (40.0000 por proxecto).



A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

**FORA DA ORDE DO DÍA** e previa a declaración, por unanimidade, da urxencia tratouse o seguinte asunto:

**ASUNTO:** *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043519).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Papelería
2	Artigos xerais de oficina

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 21 de setembro e 18 de setembro de 2022, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20 de outubro de 2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

**Lote 1:**

REDINOR, S.L. (B-36127405)

PAZ DISMAC, S.L. (B-36062180)



**Lote 2:**

REDINOR, S.L. (B-36127405)

**Empresas non admitidas:**

Ningunha.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e procedeuse en acto público a realizar o sorteo de mostras de produtos.

Recibidas as mostras, e o informe do servizo de Contratación, de data 24 de novembro de 2022 (CSV: Y6AX61DXTWDTP1SI), a Mesa de Contratación, na sesión do día 24 de novembro do 2022, presta conformidade ás puntuacións acadadas, que resultan as seguintes:

**Lote 1. Papelería**

EMPRESA LICITADORA	CRITERIOS NON AUTOMÁTICOS (Máximo 49 puntos)		TOTAL
	CALIDADE DOS PRODUTOS OFERTADOS (MÁXIMO 39 PUNTOS)	PROGRAMA DE XESTIÓN E MEDIOS DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN (MÁXIMO 10 PUNTOS)	
Paz Dismac, S.L. (B 36.062.180)	39	10	49
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	39	8	47

**Lote 2. Artigos xerais de oficina**

EMPRESA LICITADORA	CRITERIOS NON AUTOMÁTICOS (Máximo 49 puntos)		TOTAL
	CALIDADE DOS PRODUTOS OFERTADOS (MÁXIMO 39 PUNTOS)	PROGRAMA DE XESTIÓN E MEDIOS DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN (MÁXIMO 10 PUNTOS)	
Redinor, S.L. (B 36.127.405)	39	8	47

Na mesma sesión, procede á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:



## Lote 1. Papelería

Redinor, S.L. (NIF: B 36127405)

Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1, sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1
21.799,57€	4.577,91 €	26.377,48 €

Paz Dismac, S.L. (NIF: B 36.062.180)

Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1, sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1
25.069,50€	5.264,60 €	30.334,10 €

## Lote 2. Artigos xerais de oficina

Redinor, S.L. (NIF: B 36127405)

Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2, sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2
12.782,60€	2.684,35 €	15.466,95 €

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Redinor, S.L. (B 36.127.405) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2 do contrato (Artigos xerais de oficina), polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Contratación, mediante informe de data 1 de decembro do 2022 (CSV: W2UMPPG8UZIKK7N7), considera que a



xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co establecido no prego administrativo para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procede á efectuar a valoración das ofertas, obtendo o seguinte resultado:

**Resultado da valoración do sobre C, de documentación avialable mediante fórmulas (criterios automáticos):**

### **Lote 1. Papelería**

	<b>PAZ DISMAC, S.L. (CIF: B 36.062.180)</b>	<b>REDINOR, S.L. (CIF: B 36.127.405)</b>
<b>SOBRE C</b>		
<b>1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 51 puntos.</b>	20,75	51
<b>TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 51 puntos)</b>	<b>20,75</b>	<b>51</b>
<b>TOTAL B+C</b>	<b>69,75</b>	<b>98</b>

### **Lote 2. Artigos xerais de oficina**

	<b>REDINOR, S.L. (CIF: B 36.127.405)</b>
<b>1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 51 puntos.</b>	51
<b>TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 51 puntos)</b>	<b>51</b>
<b>TOTAL B+C</b>	<b>98</b>

Á vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar o informe do servizo de Contratación de data 1 de decembro do 2022 (CSV: W2UMPPG8UZIKK7N7) e, en base ao mesmo, considerar xustificada a oferta presentada pola empresa Redinor, S.L. (B 36.127.405) no referente ao prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2 do contrato (Artigos xerais de oficina).



- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra , que queda da seguinte forma:

Lote 1. Papelería

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	REDINOR, S.L.	47,00	51,00	98,00
2	PAZ DISMAC, S.L.	49,00	20,75	69,75

Lote 2. Artigos Xerais de Oficina

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	REDINOR, S.L.	47,00	51,00	98,00

- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato de subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra, conforme ao seguinte:

- Lote 1. Papelería, a favor da empresa REDINOR, S.L. (B-36127405), polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1, sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 1
21.799,57€	4.577,91 €	26.377,48 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (20%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación, resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados.

- Lote 2. Artigos Xerais de Oficina, a favor da empresa REDINOR, S.L. (B-36127405), polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para a totalidade dos produtos	IVE (21%)	Prezo ofertado para a totalidade dos produtos estimados no lote 2
---	-----------	---





estimados no lote 2, sen IVE		
12.782,60€	2.684,35 €	15.466,95 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (35%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación, resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e catro minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

